

Farmacia da alma

Lendas desde o Nilo



DORINDA CASTRO SOLIÑO

Antonio Reigosa naceu no ano 1958 en Mondoñedo, lugar onde habita Merlín, onde os golpes (raposos), falan, onde enredaron con contos á muller de Pedro Pardo de Cela na Ponte do Pasatempo e onde aínda a pedra trae o eco das verbas de D. Álvaro Cunqueiro ou do vello Leiras Pulpeiro.

Tendo como berce ese lugar máxico, Antonio Reigosa tiña por forza que sentirse atraído pola maxia das palabras e facerse amante delas.

Por iso, é escritor, conferenciante, colaborador en revistas e medios de comunicación con traballos relacionados coa arte, a etnografía e a mitoloxía e, sobre todo, investigador e divulgador da literatura oral galega. É un dos máximos especialistas nese eido e é a voz que mellor transmite a voz do pobo e as súas creacións fantásticas.

Entre os seus maravillosos traballos de recuperación, citamos dous dos que calquera país orgulloso de si se sentiría orgulloso: o *Dicionario dos seres míticos galegos* e a creación e coordinación de contidos para a enciclopedia virtual da fantasía popular galega www.galiciaencantada.org, un portal no

que navega a historia da Galicia imaxinaria: mitos, lendas, ritos, contos, romances e aventuras que, mentres circulan pola rede, resisten a morte da memoria colectiva. Mouros, demóns, trasnos, bruxas, meigas, lobishomes e todos os seres encantados procedentes da tradición oral, de buscas literarias

ou de revisións historiográficas, habitan alí porque tiñan que adaptarse aos novos tempos e ocupar tamén tecnolóxicas moradas.

Antonio Reigosa é noticia agora pois acaba de sacar ao prelo na editorial Morgante un pequeno libro: *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto*, fito importante na nosa lingua pois non contabamos con ningunha tradución ou adaptación de lendas exipcias.

Continuando Reigosa coa súa querencia polo imaxinario popular, ofrécenos nesta publicación cinco relatos de intriga, aventura e maxia protagonizados por deuses, faraóns e heroes. Desde miles de anos e quilómetros chégannos estes contos que nos recordan que a fantasía une a todos os seres humanos de todos os tempos e de todos os lugares.

Ofrécenos ademais Reigosa notas sobre cada un dos relatos, un pequeno glosario con comentarios con comentarios sobre os lugares e protagonistas dos contos e unha bibliografía incluída no limiar.

Achéguense pois a este libro coma quen se achega a unha "farmacia da alma" e fermosa expresión dos antigos exipcios. Quizais este e outro, e outro libro nos curen do desprezo por nós mesmos a nosa lingua e a nosa cultura, cuestión esta que, sospeitamos, ten que ver con que tamén sexamos un dos países con menor índice de lectura e que ocupa un dos últimos lugares no "ranking" de libros lidos.



REIGOSA, Antonio, Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto, Ed. Morgante, Vigo, 2008, 81 páxinas.